



CONCELLO DE TUI



DONA PILAR FERNÁNDEZ ALONSO, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 15 de outubro de 2018, e no punto 9º da Orde do Día, adoptou o seguinte acordo:

9º.- Expediente 1356/2018. Modificación bases reguladoras da concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social para os damnificados pola explosión de Paramos.

Vista a proposta da alcaldía de data 25/09/2018 e o informe desfavorable de intervención do 26/09/2018.

Vista a proposta da alcaldía de data 28-09-2018, na que se recolle:

“...Resultando: Que con data 11 de xuño do 2018 a Xunta de Goberno Local do concello de Tui acorda, Aprobar as bases reguladoras e os anexos que nelas figuran que teñen por obxecto establecer os criterios para concesión das axudas de emerxencia social municipais, ás persoas afectadas pola explosión de Paramos e cuxos bens se definan como gravemente afectados polas peritaxes realizadas "in situ".

Resultando: Que con data 15 de xuño do 2018 se publican no BOP o extracto das bases reguladoras e convocatoria de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social para os damnificados da explosión de Paramos.

Resultando: Que na aplicación da ordenanza se detectaron omisións, cuxa inclusión serían de grande importancia a hora de cubrir as necesidades detectadas, dos veciños e veciñas afectados pola explosión .

Resultando: que con data 26/09/2018, foron emitidos informes de Servizos Sociais e Intervención.

Resultando: Que ao abeiro do establecido nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria no BOP, cuxo texto completo poderá consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).



Ademais, o texto íntegro das presentes bases estará dispoñible no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web (www.concellotui.org).

.../..."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (4 votos a favor), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar as modificacións realizadas nos artigos, 5,8 e 12, das seguintes bases reguladoras de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social para os damnificados pola explosión de Paramos, que quedarían definitivamente redactados, en atención as necesidades detectadas segundo se establece a continuación:

“ Artigo 5º. Clasificación das prestacións

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos orixinados pola seguintes situacións de necesidade derivadas da explosión de Paramos, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección:

a) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual : por destrución ou danos nos enseres domésticos de primeira necesidade que teñan sido afectados pola explosión de Paramos, a estes efectos consideraranse como enseres domésticos de primeira necesidade os mobles, incluídos armarios empotrados e mobles de obra da cociña ou baño; de e elementos do equipamento doméstico básico para cubrir as necesidades esenciais de habitabilidade de la vivenda.

b) Necesidades básicas:

- Alimentos así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíacos, diabéticos, etc...),, vestiario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria
- Gastos sanitarios e socio-sanitarios : Destinadas ó pago de pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo especialista e/ou polos médicos de atención primaria

c) Adquisición, reparación ou aluguer de vehículos ou gasto de desprazamento en transporte público.

Artigo 12º. Contía da axuda segundo tipoloxía

As contías máximas da axuda, serán por unidade familiar.

a) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual : por



destrución ou danos nos enseres domésticos de primeira necesidade que teñan sido afectados pola explosión de Paramos, a estes efectos consideraranse como enseres domésticos de primeira necesidade os mobles, incluídos armarios empotrados e mobles de obra da cociña ou baño; e elementos do equipamento doméstico básico para cubrir as necesidades esenciais de habitabilidade de la vivenda. Ata un máximo de 3.200,00 €.

b) Necesidades básicas:

- Alimentos así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíacos, diabéticos, etc...), vestiario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria
- Gastos sanitarios e sociosanitarios : Destinadas ó pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo especialista e/ou polos médicos de atención primaria.

Ata un máximo de 2.000,00 €.

c) Adquisición, reparación ou aluguer de vehículos ou gasto de desprazamento en transporte público. Ata un máximo de 3.000,00 €.

Artigo 8º. Requisitos dos/as persoas beneficiarias

As persoas solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes requisitos :

1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a, o no seu defecto, ter iniciado o trámite legal de emancipación.

2. Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no concello de Tui de forma ininterrompida como mínimo con 6 meses de antigüidade na data dos acontecementos que provocan a concesión da axuda, isto é, o 23 de maio de 2018. Excepcionalmente poderán ser beneficiarios/as aquelas persoas que, previo informe dos/as técnicos/cas municipais de servizo sociais, e non reunindo os requisitos anteriormente mencionados, se atopen nunha situación de necesidade.

3. Acreditar residencia, na zona afectada polos acontecementos que provocan a concesión da axuda mediante contrato de aluguer, escritura de compra venta da vivenda, recibo do imposto sobre bens de natureza urbana, ou calquera outro documento probatorio con validez xurídica. No relativo aos enseres en caso de vivenda alugada , terá que acreditarse a propiedade dos mesmos, que ben serán do arrendador ou do arrendatario, presentando o solicitante renuncia expresa pola outra parte sobre ditos enseres.)

4. Presentar declaración xurada na que se faga constar que non se ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, da axuda solicitada, ou se é o caso, que a axuda recibida doutros organismos non solvente a necesidade. Que non incumpriu as obrigas por reintegro de subvencións.



5. Aportar a documentación requirida en cada caso.”

E para que así conste, expido a presente en Tui, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Carlos Vázquez Padín e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do ROF

Documento asinado dixitalmente á marxe